**CONCELLO DE MEIRA**
Praza do concello s/n.
27240 Meira
Lugo
Teléf.: 982 330 102
Fax.: 982104090
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

Pilar Rozas Alonso (1 para 2)
secretaria
Data de Sinatura: 10/06/2019
HASH: 4b147852fe35cbc9891721cc9a02f636

ANTONIO DE DIOS ALVAREZ (2 para 2)
ALCALDE-PRESIDENTE
Data de Sinatura: 10/06/2019
HASH: 135107df314d374bad129ca23e30861

**PILAR ROZAS ALONSO, SECRETARIA-INTERVENTORA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE MEIRA (LUGO)**

**CERTIFICO:**

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o dia 10 de xuño de 2019, adoptou entre outros o seguinte acordo que literalmente se transcribe:

**ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE "PAVIMENTACIÓN DE ACCESO AO TOUZÓN", DO CONCELLO DE MEIRA, FINANCIADAS CON CARGO AO PLAN ÚNICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO 2019.**

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de abril de 2018, acordouse iniciar o expediente de contratación da obra de "Pavimentación de acceso ao Touzón (Meira), con un custo total de 65.883,21 €, IVE incluído e se aprobou o prego de cláusulas administrativas que rexerán a adxudicación do contrato.

Vistas as actas da Mesa de Contratación: apertura do sobre "A" de cualificación da documentación administrativa, de data 10 de maio de 2019, apertura do sobre "B" de cualificación relativa aos criterios sometidos a xuízos de valor, de data 10 de maio de 2019, asi como a acta de apertura do sobre "C" proposición económica e criterios sometidos a fórmulas matemáticas, de data 15 de maio de 2019, na que se propón a adxudicación do contrato da obra "Pavimentación de acceso ao Touzón (Meira)" a favor da empresa Cholo, S.L., ao ser a proposición máis vantaxosa de acordo coa puntuación final acadada por os licitadores.

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 20 de maio de 2018, polo que se lle require a empresa licitadora Cholo, S.L.. para que no prazo de 10 días hábiles a contar dende o seguinte ao recibo da notificación, presente a documentación a que fai referencia o prego de cláusulas administrativas particulares.

Visto que no prazo previsto no punto 14 do prego, o licitador presentou a documentación xustificativa pertinente, sendo esta correcta.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade do catro concelleiros asistentes, que son o número que legalmente a constitúen, e en votación ordinaria,

**ACORDOU:**

**Primeiro:** adxudicar o contrato das obras de "Pavimentación de acceso ao Touzón (Meira) á empresa CHOLO, S.L., con CIF:B27028810, con domicilio en Os Freires, número 1-Mourence, 27800 (Vilalba) Lugo, representada por don Serafin de la Fuente Pico, con DNI núm.: 33.551.214-X, polo importe de 48.016,53 € máis 10.083,47 € en concepto de IVE, o que fai un total de 58.100 €, un prazo de conservación e

Cod. Validación: 5E9JNQ7FWTJDQNKHRFZ433CDA | Corrección: http://meira.sedelectronica.es/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

**CONCELLO DE MEIRA**
Praza do concello s/n.
27240 Meira
Lugo
Teléf.: 982 330 102
Fax.: 982104090
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

mantemento das obras unha vez finalizado o prazo de garantía mínimo esixido de vinte e cinco (25) meses, e unha reducción do prazo de remate da obra de vinte e un días (21) de acordo coa proposta presentada e os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen a mesma.

**Segundo:** notificar á empresa adxudicataria, e aos demáis licitadores, a adxudicación do presente contrato, publicando a mesma no perfil do contratante.-

**Terceiro:** de acordo co punto 17 do prego de cláusulas a formalización do contrato realizarase coa sinatura de aceptación polo contratista da resolución de adxudicación, tal e como se regula no artigo 159.6.g) da LCSP, ao que se unirá a documentación a que fai referencia dito punto.

E para que así conste e surta os efectos oportunos, expido a presente certificación, coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de orde e co Visto e Prace do Señor Alcalde, que firmo en Meira a 10 de xuño de 2019.

Visto e prace
O alcalde
Antonio de Dios Álvarez

Cod. Validación: 5E9JNQ7FWTJDQNKHRFZ433CDA | Corrección: http://meira.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2